UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Guía Docente					
Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Métodos e Técnicas para a Elaboración e Presentación de Traballos de Investigación		Código		613584104
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descriptores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo		Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria		3
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Eirin García, Leticia		Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es	
Profesorado	Eirin García, Leticia Mariño Mexuto, Marta		Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es m.marinom@udc.es	
Web					
Descrición xeral	Metodoloxía e técnicas para a elaboración e presentación de traballos científicos, patróns formais para a presentación de traballos por escrito e a súa defensa oral, uso de distintos métodos de referencias bibliográficas e recursos dispoñibles para os/as investigadores/as.				

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B2	Falar ben en público
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
B11	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
B12	Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base e oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B13	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos. dentro de contextos mais amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B14	Que os estudiantes sexan capaces de integrar coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva

C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntesise, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Ter capacidade de análise, valorar e exercer o coñecemento desde un punto de vista crítico.	AM5 AM6 AM7 AM9	BP3 BP4 BP5	CM3 CM5
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas para a investigación en humanidades.	AM2 AM4 AM5 AM6 AM7 AM8 AM9 AI3	BP1 BP5 BP8 BI1	CM1 CM2 CM5 CM6 CI2 CI3
Elaborar textos escritos académicos de diversa tipoloxía.	AI1	BP1 BP5 BP7 BI2	CM1 CM5 CI1
Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre un asunto literario e/ou cultural concreto.	AM5 AM6	BM2 BM3 BP7 BI2 BI3	CI1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Aspectos introdutorios	Nocións preliminares
2. Tipos de traballos de investigación	Traballo fin de mestrado, relatorio, tese, artigo, edición crítica, monografía etc.
3. Organización do traballo de investigación	- Escolla do tema - Hipótese(s) previas - Obxectivos - Escolla do título - Metodoloxías - Corpus - Conclusións
4. Obtención e clasificación da información	- Selección de fontes (documentais, bibliográficas etc.) - Recursos de información - Aproximación ás bases de datos

5. Aspectos formais	- Estruturación do traballo - A redacción - Resumos e palabras chave - Normas internacionais de citacións bibliográficas - Citacións e notas (funcións e sistemas) - Criterios gráficos - Tipografías - Índice(s)
6. Presentación dos traballos	- Ferramentas para a expresión oral - Preparación da exposición - O acto de defensa de traballos de investigación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A2 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B7 B14 B8 B12 B3 C1 C7 C5 C6 C8	9	27	36
Seminario	A2 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B7 B14 B8 B12 B3 C1 C7 C5 C6 C8	5	15	20
Traballos tutelados	A4 A14 A9 A12 B13 B4 B14 B3 B11 C1 C2 C3 C7 C5 C6 C8 C9	0	15	15
Presentación oral	B2 B10 B3	1	2	3
Atención personalizada		1	0	1
***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado**				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nestas sesións o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos da materia. Contémplanse, entre outras, a análise de fontes documentais, a resolución de problemas ou o emprego das TIC.
Seminario	Nas sesións dedicadas ao seminario desenvolverase o traballo en grupo, centrado principalmente na análise e discusión a partir de lecturas e/ou materiais que serán marcados e facilitados pola profesora.
Traballos tutelados	Consistirá na realización dun breve ensaio, cuxo tema e metodoloxía deberá ser previamente acordado coa profesora.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, do traballo tutelado ou dos retos e dificultades que presenta o seu proceso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición

Traballos tutelados Presentación oral	A profesora orientará aos e ás estudantes, ofrecéndolles a axuda necesaria para a realización dos traballos e das presentacións orais, especialmente en cuestións como a escolla do tema, a metodoloxía ou a selección das fontes de información. A orientación realizarase de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas inidicacións escritas. As persoas que obtiveren dispensa académica deberán poñerse en contacto coa profesora, e terán condicións especiais de avaliación: traballo tutelado (70%), presentación oral (30%). As persoas con matrícula parcial deberán poñerse en contacto coa profesora ao comezo do curso por se for preciso establecer condicións especiais de avaliación; de ser este o caso, aplicaríanse as mesmas que para as persoas con dispensa académica.

Avaliación			
Metodoloxías	**Competencias**	**Descrición**	**Cualificación**
Traballos tutelados	A4 A14 A9 A12 B13 B4 B14 B3 B11 C1 C2 C3 C7 C5 C6 C8 C9	Avaliación do ensaio breve que cada alumno/a realizará, cuxo tema e metodoloxía deberá ser previamente acordado coa profesora.	60
Seminario	A2 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B7 B14 B8 B12 B3 C1 C7 C5 C6 C8	Traballo en grupo, centrado principalmente na análise e discusión a partir de lecturas e/ou materiais que serán marcados e facilitados pola profesora. O alumnado deberá participar activamente nestas sesións.	10
Presentación oral	B2 B10 B3	Avaliación da presentación oral do traballo tutelado ou dos retos e dificultades que presenta o seu proceso.	20
Obradoiro	A2 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B7 B14 B8 B12 B3 C1 C7 C5 C6 C8	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía.	10

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
O alumnado terá de entregar os traballos e actividades solicitados no prazo fixado.
Todas as actividades e probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.
Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas de outros/as autores/as sen indicar a procedencia, copiar traballos, copiar en exames, ou outras formas) penalizarase de acordo co estabelecido na normativa académica. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio.
As persoas que obtiveren dispensa académica deberán poñerse en contacto coa profesora, e terán condicións especiais de avaliación: traballo tutelado (70%), presentación oral (30%). As persoas con matrícula parcial deberán poñerse en contacto coa profesora ao comezo do curso por se for preciso establecer condicións especiais de avaliación; de ser este o caso, aplicaríanse as mesmas que para as persoas con dispensa académica.
A materia poderá ser adaptada ao
estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á
diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (https://www.udc.es/cufie/ADI), coa que se deberá contactar nos prazos estabelecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal)
A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non realizar o traballo tutelado.
As persoas que non superaren a materia deberán entregar, na data marcada pola Facultade de Filoloxía para a segunda oportunidade, o traballo tutelado (70%) e realizar unha breve exposición oral do mesmo (30%). Este sistema de avaliación será o aplicado tamén na convocatoria adiantada de decembro.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Alcina Franch, José (1994). Aprender a investigar: métodos y trabajo para la redacción de tesis doctorales (Humanidades y Ciencias Sociales). Madrid: Compañía Literaria - Briz, Antonio (coord.) (2008). Saber hablar. Madrid: Aguilar - Dias, Maria Olívia (2008). Manual de sugestões para estudantes: estudar e fazer trabalhos académicos com método . Viseu: Psicosoma - Eco, Umberto (2001). Cómo se hace una tesis: técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura. Barcelona: Gedisa - Estrela, Edite (coord.) (2009). Saber Escrever uma Tese e Outros Textos. Lisboa: Dom Quixote - Fernandes, António José (2002). Métodos e Regras para Elaboração de Trabalhos Académicos e Científicos. Porto: Porto Editora - López Yepes, José et al. (2005). Las tesis doctorales. Producción, evaluación y defensa. Madrid: Fragua - Montolío, Estrella (coord.) (2009). Manual práctico de escritura académica. Barcelona: Ariel - Pantoja Vallejo, Antonio (coord.) (2009). Manual básico para la realización de tesinas, tesis y trabajos de investigación. Madrid: EOS Universitaria - Phillips, Estelle M. & Pugh, Derek S. (2005). La tesis doctoral. Cómo escribirla y defenderla. Un manual para estudiantes y sus directores. Barcelona: Bresca - Sierra Bravo, Restituto (1994). Tesis doctorales y trabajos de investigación científica. Madrid: Paraninfo - Soriano, Ramón (2008). Cómo se escribe una tesis. Guía práctica para estudiantes e investigadores. Córdoba: Berenice
Bibliografía complementaria	Proporcionaranse outros recursos bibliográficos específicos e en liña para os temas tratados nesta materia a través do Campus Virtual.

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Recursos para a investigación da literatura/613484007
Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías